

FUNDAMENTOS E CONDICIONANTES DA LIBERDADE DE CÁTEDRA

Anxo González

Na nosa análise da liberdade de cátedra, no estudio da súa fundamentación e dos seus condicionantes, pretendemos, xa de principio, avanzar ata máis alá (ou antes) do plano propiamente xurídico en que normalmente adoitan deterse estes análises. A orde xurídica, en efecto, é, no mellor dos casos, definidora das condicións de feito que, nun determinado momento, se decide que deben concorrer no exercicio dun dereito.

Pero, con independencia de que o fixamento das condicións de feito que fan socialmente operativo un dereito non ten porque partir da análise sistemática da súa onticidade ou consistencia, tampouco alcanza normalmente a elevar ese nivel de operatividade ó grao do ideal ou do que por natureza corresponde. Iso explica, por exemplo, o constante labor que os órganos lexislativos exercen de perfeccionamento do *corpus xurídico*, aínda sen que se teña producido cambio ou alteración notable nas circunstancias ou nas condicións de operatividade das materias regulamentadas.

Pode haber, con todo, ocasións en que o que realmente interese sexa só coñecer a forma en que está regulamentado o exercicio dun dereito, e non, precisamente, as súas condicións de idealidade ou esixencia. Non é ese, sen embargo, o noso caso, en que se procura máis ben a perspectiva filosófica ou ética (máis abranguedora ca xurídica, da que tampouco se prescinde), a deontolóxica (non todo deber está inscrito no ámbito xurídico) e, en suma, a formalmente antropolóxica.

1.- A LIBERDADE E AS LIBERDADES; LIBERDADES, DEREITOS E DEBERES.

A liberdade de cátedra é unha das liberdades; é dicir, unha das formas específicas de exercicio da liberdade fundamental da persoa. Hai, en efecto, a liberdade e hai as liberdades; e estas son as distintas especificacións que cobra o exercicio da liberdade, en atención ós diferentes campos en que se desprega a acción humana. Falamos así de liberdade de

pensamento, liberdade de expresión, liberdade de voto, liberdade de exercicio profesional, etc.

A liberdade é en principio unha prerrogativa radicada na persoa, que a partir dela pode participarse á liña dos seus comportamentos. A liberdade asenta efectivamente sobre o *dereito de espontaneidade* da persoa, que a faculta para ser e proxectarse sen imposicións nin cortapisas.

Pero así como a liberdade está radicada na persoa e conta, logo, entre os grandes dereitos subxectivos, o seu exercicio (as liberdades) pode trascende-lo ámbito da persoa individual e incidir na área dos intereses ou conveniencias de outras persoas. E esta incidencia ou transcendemento pode reducirse a un mero influxo ou repercusión consecucional ou pode suceder tamén que apele a dereitos inalienables ós que teña que ser conformada. O exercicio da liberdade de votar, por exemplo, é claro que, no que respecta á súa lexitimidade, non se fundamenta só no dereito subxectivo do votante, senón tamén no dereito do votado e aínda nos dereitos dos non votantes e dos non votables. Sendo así as cousas, a liberdade de voto non se dá autenticamente se non é a través daquela fórmula (o chamado *proceso electoral libre*) en que todas estas liñas de dereitos resulten compatibles e exercitables.

Cando o exercicio da liberdade fundamental da persoa leva implicados auténticos dereitos doutras persoas, é evidente que as condicións de lexitimidade dese exercicio (o das liberdades) terán que determinarse en función da atención as varias liñas de dereitos que se comprometen. E, neste senso, ata pode suceder que o exercicio dunha liberdade, ó mesmo tempo que se fundamenta sobre o dereito de espontaneidade do suxeito exercente se fundamenta igualmente no deber que ten ese mesmo suxeito de satisfacer dereitos alleos.

Hai, deste xeito, liberdades que, por fundamentarse nunha dobre liña de dereitos, constitúen para os seus exercentes un dereito e mais un deber. O dereito de exercicio da defensa nun avogado, poño por caso, por se fundamentar ó mesmo tempo sobre o dereito de exercicio profesional e tamén sobre o dereito de defensa do acusado, é realmente no avogado, e de forma conxunta, un dereito e un deber. Resulta claro entón que, así como o dereito fai demandable e esixible por parte do suxeito o exercicio libre do deber, o deber polo seu lado restrinx e impón condicións de exercicio a ese dereito, é dicir, a esa liberdade, co cal esta pasa, polo mesmo, a ser liberdade dentro dun determinado cadro de esixencias que han ser satisfeitas en nome e a favor dos dereitos do defendido.

Isto último é a razón pola que, cando a continuación se fale concretamente da liberdade de cátedra, se faga tamén do seu dobre *fundamento xurídico* (dereito de espontaneidade no docente e dereito do discente a ser educado en réxime de liberdade) e do seu fundamento *deontolóxico*: a obriga de respectar eses dereitos constitúese en deber profesional, inherente ó exercicio da docencia.

2.- A LIBERDADE DE CATEDRA E O SEU DOBRE FUNDAMENTO XURIDICO E DEONTOLOXICO.

O exercicio dunha liberdade pode transcender de diferentes formas o ámbito do individuo exercente. Pódeo transcender, en primeiro lugar, na súa efectividade ou nas súas repercusións consecuenciais. Aínda que estas poden ser de maior ou menor grao, son sem-

pre consecuencias, alleas en si á finalidade estricta do acto ou comportamento. O exercicio da liberdade de información, poño por caso, aínda que radicado propiamente nas prerrogativas e no facer do informador repercuten nos informados ata tal punto que, en ocasións, a restricción do seu uso por parte dos poderes pode vir determinada, máis polo afán de controla-la súa efectividade nos informados que pola súa incidencia no propio informante.

Pero hai outra forma en que a liberdade pode transcender, de modo máis radical aínda, o ámbito individual do seu suxeito exercente. É o que ocorre nas liberdades radicadas en accións ou procesos dirixidos de seu a cumprimentar dereitos inalienables de outras persoas. A cumprimentación destes dereitos constitúe propiamente o *finis operis*, o fin ó que ela en por si está dirixida, e entón o *finis operantis*, o do suxeito axente, só pode producirse en réxime de plena compatibilidade con aquel, cando non incluso en condicións de supeditación ou subordinancia.

Neste sentido, convén lembrar que xa Aristóteles deixou claro que os fins exercen unha dobre acción causal: por un lado, motivan e impulsan ó axente, facéndoo entrar en acción; e, por outro, rexen e dirixen esa acción; segundo sexa en efecto o fin a conseguir así será cualitativamente e direccionalmente a acción que se teña que desenvolver.

En consecuencia con isto, resulta que nas situacións a que nos referimos a acción emprendida é tanto ou máis en beneficio do seu destinatario que do mesmo suxeito exercente. Así, a liberdade de defensa, como antes viamos, dáse máis en función dos dereitos do defendido que do propio defensor, sen prexuízo aínda da súa repercusión consecucional sobre as conveniencias de outras persoas: as do xuíz para pronunciarse tras proceso informativo e estimativo o máis perfecto posible, as das mesmas testemuñas a que a súa aportación sexa convenientemente valorada, etc.

A forma máis radical de transcendencia no exercicio dunha liberdade é, por último, a que se dá nas liberdades que se exercen a título de dereitos vicariantes ou tuteladores dos dereitos de outras persoas, que sendo os suxeitos radicais e natos deses dereitos, non están con todo en condicións de podelos exercer forma persoal ou inmediata. Son dereitos (liberdades) que se posúen, pois, e se exercitan por vía de delegación representativa ou vicaria, podendo darse incluso o caso de que esta representación se funde sobre unha relación atributiva de natureza e non nun acto de vontade positiva ou de outorgamento explícito por parte do representado.

Neste último apartado entraría, por exemplo, o dereito dos pais a decidir ou elixir polo fillo; é este un dereito que evidentemente se exerce de forma vicaria, en nome do dereito do fillo que é o seu suxeito nato, por máis que transitoriamente sen capacidade exercente. Nesta liña estaría o dereito dos pais a elixir o tipo de educación institucionalizada que desexan para os seus fillos. É, claro, un dereito fundamentado sobre relación atributiva de carácter nato e con fundamento, logo, no dereito de patria potestade e no dereito do fillo á liberdade de educación. Parece claro neste sentido que o exercicio deste dereito por parte dos pais ha de facerse en consonancia coa liña formativa que prepare ós fillos para exercer por si mesmos, no seu momento, a propia capacidade de opción e nunca contra ela. Isto é, sería un dereito (unha liberdade) estreitamente suxeita á liña da responsabilidade e do deber.

A chamada *liberdade de cátedra* é a liberdade dentro do exercicio da cátedra e, polo mesmo, trátase dunha liberdade que se fundamenta, tanto sobre o dereito de espontaneida-

de da persoa exercente da cátedra, como sobre os dereitos das persoas por quen a cátedra existe e se configura.

A acción da cátedra (e falar de cátedra é, claro, falar de un posto ou función dados nun conxunto operativo de carácter institucional) é, en efecto, un proceso inmerso dentro dun proceso máis amplo, máis profundo e máis abrangedor: o proceso educacional. E da súa participación neste recibe aquel a súa finalidade última, o seu sentido, a súa lexitimidade e, en consecuencia, as súas propias condicións de operatividade, entre as que conta, claro, a liberdade. A liberdade de cátedra, a diferenza da simple liberdade de pensamento e expresión, forma parte integrante e funcional da liberdade de educación e, con esta, ten, pois, o seu fundamento radical no dereito do educando a ser educado en auténtica liberdade, tanto coma no dereito do docente a actuar con espontaneidade.

Segundo o que dicimos, o dereito subxectivo a exercer-la nosa liberdade dentro do ámbito operativo que chamamos cátedra (e valería, evidentemente, dicir docencia) aparece xa estruturalmente inmerso nunha complexa relación de dependencia (e aínda de subordinación) a outra ampla gama de dereitos, enucleados todos arredor do dereito nato dos alumnos a seren educados e a selo de forma adecuada, o cal quere dicir, entre outras cousas, a seren educados en (na) liberdade. Con fundamento neste dereito, e en consecuencia con el, estaría o dereito vicario dos pais e a súa incidencia sobre o exercicio da liberdade no docente; estaría tamén, no seu caso, o dereito dos promotores institucionais a que se respecte o proxecto educativo proposto á opción dos educandos (dos seus pais) e incluso á dos propios docentes colaboradores nel, etc.

Por todos estes factores a liberdade de cátedra, sen chegar ó nivel dos dereitos propiamente vicarios, que reciben fundamentalmente a súa lexitimidade do dereito tutelado, e radicado con carácter nato noutra persoa, é con todo unha liberdade fundada sobre unha intersubxectiva (transubxectiva) liña de dereitos. É propiamente un dereito chamado a cumprimentar outro dereito. Isto faino, claro, dereito e, ó tempo, tamén deber, no sentido antes apuntado.

Non é só que repercuta directamente sobre os dereitos de outros e sufra deles a restricción que os faga compatibles, é que xa el en por si se fundamenta nunha dobre liña (ou nunha bipolar liña) de dereitos (os do propio docente e os do discente). Neste sentido é claro por último que a liberdade de cátedra implica o dereito de ensinar en liberdade e implica tamén o deber de exercer ese dereito, facéndoo en todo caso en consonancia co dereito radical do alumno a ser educado en liberdade.

A liberdade de cátedra non é, pois, simplemente a aplicación da liberdade de pensamento e expresión ó ámbito da función docente, como tanto se di. Polo de pronto, a liberdade de cátedra é de máis amplo senso, e inclúe non só a espontaneidade no pensar (ideolóxico e científico) e no expresar, senón tamén a de avaliar, a de usar procedementos metodolóxicos, a de participar no exercicio da autonomía programadora que as leis atribúen ó centro, etc. Pero, sobre todo, distínguese pola súa fundamentación xurídica e deontolóxica.

Así como, en efecto, a liberdade de pensamento e expresión, con independencia do seu influxo consecucional sobre outros suxeitos, ten sen embargo o seu fundamento xurídico no dereito (*no ius*) subxectivo e é, xa que logo, unha liberdade subxectiva, a liberdade de cátedra fundaméntase na dobre liña de dereitos a que nos temos referido. E estando ademais o exercicio do dereito do docente subordinado, dentro da función que chamamos cáte-

dra, ó dereito nato do discente, ese exercicio constitúese automaticamente en deber: o deber de cumprimentalo dereito inalienable do destinatario da acción da cátedra a ser educado, precisamente, en réxime de liberdade de cátedra. Á liberdade de pensamento e expresión non se lle ven propiamente implicacións deontolóxicas. Polo que respecta á liberdade de información é claro que, en canto tal e salvando colaterais efectos, só iría implicada tamén na liña do deber nos supostos de auténtico dereito á información por parte do informado.

3.- LIBERDADE PRO CATEDRA; LIBERDADE VERSUS CATEDRA

A liberdade de cátedra é unha liberdade *pro cátedra*; é dicir, unha liberdade dada en función da función en que a cátedra consiste, en favor dela, e con arreglo ós fins e os condicionamentos que sobre ela operan. A diferenza da liberdade de pensamento que, como liberdade subxectiva, ven dada directamente a favor do suxeito, a liberdade de cátedra, máis ca directamente a favor do catedrático (do exercente da cátedra), dáse en favor da acción educadora en que a cátedra se inscribe; o cal quere dicir que alcanza na súa efectividade tanto ó destinatario da acción da cátedra coma ó propio catedrático.

A cátedra non é o suxeito; a cátedra non é o catedrático exercente. A cátedra é un elemento institucional, ou institución, dentro doutra institución máis complexa, que é a educación institucionalizada. E a cátedra recibe, pois, consistencia, sentido e finalidade da institución dentro da que se constitúe e opera. Isto implica, xa que logo, que a cátedra ten de seu, como institución que é, unha orientación e unha finalidade que son rectoras do *modus operandi* que debe darse dentro dela e que, polo mesmo, o seu exercente ten que acatar, se non quere entrar no risco de que a súa operatividade (mesmo a súa pretendida liberdade) se volva versus cátedra, isto é, contraria á finalidade rectora da propia cátedra.

O titular da cátedra ten o dereito a orientar con iniciativa e libre espontaneidade a acción da cátedra, aínda que, claro, sempre dentro e favor do que de seu configura por natureza a acción en si da cátedra. Trátase, pois, dun dereito compatible co deber (un deber de servizo) en función do cal a cátedra nace e se mantén.

O establecemento de equivalencia entre a liberdade de cátedra e a liberdade de pensamento e expresión, ó implica-la vinculación desa liberdade a só o suxeito exercente ou a só el fundamentalmente, abriría a posibilidade de facer do *finis operantis*, é dicir, das finalidades e pretensións persoais do exercente da cátedra algo distinto, e eventualmente contrario, ó *finis operis*, quérese dicir á finalidade intrínseca da propia educación e, polo tanto, da propia cátedra como institución ou función. Estaríamos nunha aberrante *liberdade versus cátedra*, unha situación que poría ó catedrático en contra da propia cátedra, que é, por outra banda, o que normalmente sucede cando a cátedra se pon exclusivamente ó servizo do catedrático, deturpando dese xeito a natureza intrínseca daquela.

¿Isto quere dicir que a liberdade de cátedra implica restricción da liberdade de pensamento e expresión? Evidentemente: no exercicio da cátedra o docente non pode expresar e impartir só en función das súas apetencias, intereses e convencementos. Ten que acomodarse ás necesidades, as aptitudes, as conveniencias, ós ritmos e ós condicionamentos que impón a natureza e a situación do destinatario da acción da cátedra. Todos estes factores condicionantes poideran ser xa con anterioridade obxecto de regulación normativa (en

forma de planos, programas ou directrices) ou non o ter sido, sen que por isto sexan menos obrigantes, cando resulta clara a súa vinculación cos dereitos do discente.

Desde esta perspectiva, tan abusiva sería e tan fóra do marco e tutela da liberdade de cátedra a acción do profesor de bacharelato que invertese o tempo de que dispón durante o curso na explicación en profundidade de só un ou dous temas, dentro dun temario de dez ou quince, coma o docente que pretendendo ampararse na liberdade de expresión, se dedicase a facer adoutrinamento, apoloxía ou simple exposición de posicionamentos ideolóxicos cando esta exposición en nada apareza esixida ou comprendida dentro das finalidades da cátedra que desempeña; hipoteticamente fundado este proceder na liberdade de expresión, non o estaría sen embargo na liberdade de cátedra, por exercerse á marxe dela ou mesmo contra ela.

4.- A LIBERDADE DE CATEDRA DESDE OS DEREITOS DO EXERCENTE DA CATEDRA.

A liberdade de cátedra, como liberdade no exercicio da cátedra, é unha propiedade da acción é, en canto tal precisamente, está radicada no suxeito: *actiones sunt suppositorum*, como ben se dicía na Escolástica. Por máis, logo, que, como temos visto, estea dirixida, igual que toda a acción educadora, a cumprimentar en último termo dereitos do discente, está sen embargo radicada e é exercida polo docente; cómpre, logo, referirse a todo o que ela implica nel.

Xa temos consignado que a liberdade de cátedra non é a liberdade de pensamento e expresión, aplicada o terreo da acción docente. Sería, máis ben, o seu substitutivo. Isto quere dicir que no exercicio da cátedra non procedería actuar con arreglo á simple liberdade de pensamento e expresión. Esta, sen máis, como tamén temos visto, podería operar *versus cátedra*. Tampouco o avogado no exercicio da defensa podería ir ata onde en principio o ampararía a liberdade de expresión, senón só e dentro e na forma que de feito o autorízase a liberdade de exercicio profesional ou de defensa. E o uso sen máis da liberdade ata onde a liberdade de expresión de seu o autorízase, podería eventualmente prexudicar gravemente o exercicio da defensa e, así, os dereitos do defendido.

Sendo, como se di, a liberdade de cátedra o substitutivo da liberdade de pensamento e expresión dentro do exercicio da cátedra, herda, valla a expresión, ou asume moitas das propiedades e atribucións de aquela, acomodándoas, claro, o específico contexto da acción docente.

A liberdade de cátedra implica, xa que logo, liberdade de *posicionamento ideolóxico* por parte do docente, aínda que, a diferenza da simple liberdade de pensamento ou de creencia e expresión, producida no ámbito da docencia, a exhibición ou manifestación deste posicionamento tería que producirse no contexto dun efectivo exercicio da cátedra e, logo así, non de forma gratuíta (o gratuíta en educación, igual ca se di da política, é superfluo e dese xeito doadamente negativo), nin moito menos con fins que fosen rotundamente contrarios a acción da cátedra, como poden ser os publicitarios, apoloxéticos ou proselitistas.

A liberdade de cátedra implicaría tamén o dereito á liberdade de *posicionamento científico*, que faculte a soster, dentro do amplo terreo do cientificamente discutible, a posición que máis convincente resulte ó docente, aínda que, claro, salvando en todo caso o deber de *veracidade* (que proscribiría a exposición de conceptos erróneos) e o de *actualización cien-*

tífica, dentro do materialmente posible. Este dereito ha de exercerse tamén sen prexuízo da necesaria dosificación dos contidos científicos en función de capacidades e auténticas necesidades do discente.

En relación directa co que dicimos, cómpre non perder de vista en ningún momento que a comparecencia no ámbito educativo dos distintos valores, que xa de seu teñen entidade e prestancia fóra de dito ámbito, como son as ideoloxías e como é a propia ciencia, só se xustifica pola súa dimensión educadora, e en subordinación, pois, ós valores intrínsecos que constitúen o propio proceso educativo. É dicir, que a ciencia e as ideoloxías interesan aquí na súa dimensión educadora e non terían sentido con independencia ou mesmo en contra dela. Se xa, pois, a comparecencia destes valores no ámbito educativo é en función de subordinación e dependencia, moito máis o será o exercicio concreto que destes valores teña que facer o docente, aínda desde a súa posición de liberdade. É esta unha liberdade en *servicio* de e, logo así, con *supeditación* a.

A liberdade de cátedra implica tamén liberdade de emprego dos *procedementos metodolóxicos* que o profesor considere máis adecuados. O emprego de procedementos, dentro claro do que sexa o plan regulamentario do centro, e sobre todo a habilidade do docente no seu uso, incide na dosificación dos contidos científicos, facéndoa oscilante e cualitativamente variable nos seus límites. Tendo en efecto en conta que o discente normalmente (e mesmo o neno) é capaz de entender e assimilar todo o que o docente sexa realmente capaz de lle explicar adecuadamente, o nivel e a profundidade científica ven en grande parte condicionada pola capacidade comunicadora ou a destreza metodolóxica do docente.

Entraría, por último (sen que se pretenda tampouco unha enumeración exhaustiva), a liberdade de avaliación, que é tamén dereito e deber no docente, aínda que igualmente coas limitacións e os condicionamentos inherentes o exercicio da función docente, no que o propio proceso avaliador se integra. Procede así avaliar pero facéndoo dentro do estricto nivel esixible, o cal ha comezar por estar en consonancia co efectivamente impartido, respectando o dereito de audiencia ó interesado, a que despois nos referiremos, e, en todo caso, sen que a función avaliadora deixe de ser un elemento dentro do proceso educacional e ó servizo deste, e nunca un descontextualizado desempeño da xustiza.

5.- A LIBERDADE DE CATEDRA DESDE OS DEREITOS DO DESTINATARIO DA ACCION DA CATEDRA.

Se o exercicio da liberdade de cátedra é un elemento integrante da acción educadora ten, logo, no propio educando o seu obxectivo e o seu destinatario; sendo ademais o dereito deste destinatario a ser educado en réxime de liberdade o que fundamenta, xunto co dereito de espontaneidade do docente, a propia liberdade de cátedra, é claro que esta só se pode dar en compatibilidade e adecuación co dereito ou mesmo coa liberdade de *aprendizaxe ou discencia*. Isto é, que a liberdade ou dereito de discencia, nas súas diferentes especificacións, a que nos referiremos, son determinantes, son condicionantes e mesmo son conformadoras do exercicio concreto que o docente poida realizar da súa efectiva liberdade de cátedra.

Entre as especificacións do dereito de discencia que máis contribúen a condicionalo exercicio da liberdade de cátedra, estaría en primeiro lugar o dereito ou liberdade de *solici-*

tude ou demanda. Non podería falarse de liberdade na acción docente se non é en compatibilidade e consonancia co dereito do alumno a demandar explicación ou aclaración, de formulación de dificultades ou problemas, etc. A capacidade do discente e os seus fluctuantes límites, a que antes nos referíamos, condiciona, evidentemente, a liberdade de posicionamento científico do profesor e mesmo dos procedementos metodolóxicos por el a empregar.

Moi en relación con este dereito de demanda, por parte do discente estaría o de *reclamación e alegación*, tanto na orde disciplinaria como na propiamente avaliadora. Se estes dereitos (e as correspondentes liberdades) se recoñecen xa na administración de xustiza, moito máis corresponde facelo na orde docente onde a acción disciplinaria ou avaliadora non se rexe polos imperativos da xustiza en si, se non polos das conveniencias educativas do propio discente.

Por último, (e sen evidentemente pretender tampouco a exhaustividade) non se podería falar de auténtica liberdade de cátedra se a liberdade de posicionamento ideolóxico e científico do docente non se exercese en réxime de perfecta compatibilidade e respecto ó dereito de posicionamento ideolóxico, crencial ou crítico do discente. Non se trata só do deber de correspondencia en xustiza, trátase máis ben de que non hai liberdade de cátedra sen liberdade dentro da acción da cátedra, é dicir, sen que se dea tamén nos aconteceres sobre os que se proxecta a acción da cátedra e que mesmo a condicionan.

En función de canto expoñemos agora e do que xa desde un principio se nos mostra como exercicio auténtico da liberdade de cátedra, parece claro que esta non se dá se non é dentro do marco deontolóxico inherente a función docente. Desde esta perspectiva falar de liberdade de cátedra é falar do dereito e do deber de exercer-la liberdade, co que isto implica de prerrogativa e de acción condicionante.